

RUTAS POR COMPOSTELA

***Os taboleiros de xogo
de Compostela***



O xogo ó longo da historia

O uso de taboleiros de xogo é habitual en moitas culturas dende a Antigüidade. Son coñecidos en Exipto, Troia, Grecia e no Imperio Romano onde foron un dos enredos preferidos dos lexionarios.

Na Galiza existen alquerques insculturados ao ar libre nos petróglifos ó carón de motivos clásicos do grupo galaico de arte rupestre prehistórica, aínda que a súa datación é discutida, a maioría dos investigadores os adscriben a períodos históricos relacionando o seu uso coas actividades pastorís durante o Medievo.

Na península ibérica atópanse en edificios e xacementos de época romana mais a súa popularización e introdución masiva prodúcese coa invasión dos árabes no século VIII. De feito o nome de "alquerque" provén do árabe "al quirkat".

O famoso Libro dos xogos de Alfonso X do século XIII describe con detalle as regras destes pasatempos durante o Medievo e as súas tres variedades principais: **o alquerque de tres** (tres en raia), **de nove** (coñecido tamén como xogo do muíño, triplo recinto ou danza dos nove homes) e **de doce**. Neste período os taboleiros aparecen asociados ás grandes **edificacións relixiosas** medievais (en Galiza hai alquerques de IX na catedral de Ourense e Tui, nas igrexas de Gomariz, Santa María de Anxeriz, San Xurxo de Touza, San Salvador de Poio, etc.) ou nos **castelos e fortificacións** medievais (Castelo da Rocha de Santiago, Monte Lobeira en Vilanova de Arousa, Raíña Loba no Concello dos Blancos, Torres do Oeste en Catoira, etc).



Taboleiros medievais na catedral de San Martiño de Ourense

Os taboleiros de Compostela

Cronoloxía

Como noutras vilas galegas, Compostela tamén conta con vestixios de taboleiros de cronoloxía Medieval como os localizados no Castelo da Rocha ou na Colexiata de Sar, porén son os **gravados barrocos** os que caracterizan e singularizan á capital xacobeá doutras cidades. A ampla maioría pódense datar entre os séculos XVII e XVIII, o período barroco que en boa medida lle dá forma ao actual centro histórico.

A "petrificación" urbanística levada a cabo durante o esplendor barroco foi o que permitiu a conservación desta manifestación popular, os taboleiros de xogo, nunha especie de fosilización na pedra dunha actividade máis da vida cotiá dos habitantes de Compostela.



Taboleiro en San Martiño Pinarío


Tipoloxía

O tipo máis común destes taboleiros de xogos o forman tres aliñacións de tres coviñas simples, que substitúen as liñas rectas do tres en raia que coñecemos na actualidade.

Son coñecidos en Galicia co nome de "**pai, fillo e nai**", aínda que noutras zonas reciben outras denominacións como o xogo do gato, alquerque de 3, o muíño ou danza de 3, tres en raia, Ta-Te-Ti, Tic -Tac -Toe, etc. Taboleiros que presentan características moi semellantes ós "three men's morris" que podemos ver en numerosos claustros, capelas e catedrais inglesas como Canterbury, Gloucester, Norwich, Salisbury e incluso na propia Abadía de

Westminster. A orixe de todos eles estaría no coñecido "Terni Lapilli" dos romanos ("tres pedriñas"), a testemuña máis temperá do uso deste principio lúdico da aliñación de tres elementos idénticos.

Os modelos de Compostela baséanse nun deseño básico de **9 coviñas** formando un cadrado (matriz de 3 x 3), aínda que contan con moitas variantes, por exemplo: Sucos interiores unindo coviñas, sucos exteriores perimetrais ás coviñas, sucos rectos ou remates absidais. Quizais engadidos cunha utilidade práctica en relación con algunha variante do xogo ou simples elementos decorativos.



Características dos taboleiros composteláns

- Trátase dun fenómeno **propio de Compostela**. Ata o momento non coñecemos taboleiros desta mesma tipoloxía en ningún outro lugar de Galicia.
- É un fenómeno **eminentemente urbano**. A totalidade dos taboleiros localízanse no núcleo urbano de Compostela. Non se teñen atopado taboleiros en ningunha das parroquias do rural de Compostela nin da súa comarca. A gran maioría sitúanse na cidade, tanto intra como extra murallas.
- A diferenza dos taboleiros medievais, os taboleiros barrocos localízanse en **lugares de acceso público**, ás entradas de igrexas e mosteiros, onde se concentrarían os fregueses antes e despois da saída dos cultos relixiosos. Lugares que funcionaban como puntos de encontro e "mentideiros" nos se achegaba a xente na procura de información. Só atopamos 4 excepcións a esta regra: Santa Clara (catro exemplares no interior da portaría), dous no claustro de San Francisco, un na Torre da Berenguela da catedral e un no balcón central da Casa do Cabido.
- O **elevado número** de taboleiros identificados (167) reflicte que foi un fenómeno **moi popular**, relacionado coas clases sociais máis populares de Compostela.
- A grande maioría dos taboleiros permanecen **no lugar orixinal** onde foron gravados.
- Son insculturados sobre **perpiaños graníticos**, o elemento maioritario das construcións e a pavimentación da cidade durante o período barroco, cando á cidade adquire a imaxe actual con rúas e prazas empedradas onde se gravaron estes taboleiros. Un soporte duradeiro que permitiu a súa conservación ata a actualidade.

Inventario actual

Os taboleiros distribúense nos seguintes grupos (indicamos entre parénteses o número de taboleiros localizados en cada sitio e cronoloxías dos edificios):

- [Santa Clara, convento](#). (20). Na escalinata e no adro. A fachada levantouse entre 1719 e 1730. No interior tamén se conservan ata 4 taboleiros.
- [Santa Clara, fonte e banco](#). (6)
- [Santa Clara, cruceiro](#).(1)
- [Casa da Conga](#).(1). Nos soportais. Rematada por Casas y Novoa cara o 1730.
- [Obradoiro, praza](#). (20). Nos bancos.
- [San Lourenzo, mosteiro](#). (1). No lateral da igrexa, entre un dos arcos. (reformada no XVIII, 1740. Ferro Caaveiro)
- [San Lourenzo, cruceiro](#).(1) Do ano 1689. [6]
- [Carme de Abaixo, capela](#). (2). No adro. 1760-1773.
- [Belvís, escalinatas da Capela da Virxe do Portal](#). (4). Capela construída polo 1702.
- [Pazo grande de Belvís \(Casa de Perezás\)](#). (4). Nas escaleiras de acceso. Construído no século XVII.
- [San Fíz de Solovio, igrexa](#). (2). No lateral. Reedificada entre 1704 e 1708.
- [A Compañía, igrexa](#). (2). Na fachada. Levantada entre 1670 e 1674.
- [Nosa Señora da Mercé, convento](#). (8). Levantado por Diego de Romay cara a 1674. Nos bancos do adro.
- [Santo Agostiño, convento](#). (1). No portal. Edificado entre 1623 e 1648.
- [Cruceiro da Capela da Nosa Señora da Fonte](#). (1).
- [San Francisco, convento](#).(fachada e claustro). (4). Fachada posterior a 1742 e rematada con posterioridade a 1770.
- [San Martiño Pinario, fachada da Acibechería](#).(47). No adro e na escalinata. Esta fachada é obra de Fernando de Casas y Novoa (1738).
- [San Martiño, escalinata, fachada de San Miguel](#). (6). A escalinata débese a Frei Manuel de los Mártires que a principia por 1770 e remata as obras arquitectónicas da igrexa no 1773.
- [Acibechería, banco](#). (5).
- [Hospital dos Reis Católicos](#). (1). A súa *loggia* foi delimitada no 1542, máis descoñecemos cando foi pavimentada.
- [Conxo, cruceiro](#). (2).
- [Sar, colexiata](#). (2) (Un incompleto). No adro. Apenas se conserva pedra orixinaria no pavimento, sendo a que serve de soporte para o taboleiro unha das excepcións.
- [Vista alegre, cruceiro](#). (1). (dubidoso)
- [Castrón Douro, cruceiro](#). (1). Con data de 1689.
- [Angustia, igrexa](#). (3). Adro e bancos. Edificada no século XVIII.
- [O Pilar, igrexa](#). (3). No adro. Rematada no 1717.
- [Guadalupe, capela](#). (1). No adro. Século XVIII.
- [Costiña do Monte](#). (1). Na fachada. Reutilizada na rehabilitación dunha casa.
- [Ponte do Asén](#). (3). No banco. De finais do século XVIII.
- [Facultade de Historia](#). (4). (1780-1808). Na fachada/banco.
- [Santo Domingo de Bonaval, cruceiro](#). (1). Nos chanzos do cruceiro do cemiterio da Confraría do Rosario.
- [Casa do Cabido](#). (1). No balcón central do primeiro andar. Rematada por Clemente Fernández Sarela no 1758.
- [Costa Vella](#). (1). Nunha lastra do pavimento da beirarrúa na parte alta da costa.
- [Pastoriza, capela da](#). (1). Levantada entre 1761 e 1762 sendo trazada a fachada por Juan López Freire. No adro apenas se conserva pedra da pavimentación orixinaria.
- [Catedral](#). Torre da Berenguela. (2). Un no interior e outro incompleto, ou de 3 covañas, no banco exterior. Reformada por Domingo de Andrade no 1676.
- [Pazo de Amarante](#). (1). Na fachada. Construída no século XVIII.
- [Avenida de Raxoi](#). (1). Nunha ventá da que fora antiga cárcere.
- [Cruceiro de Santa Marta](#) (1).



**Fichas de xogo.
Museo das
Peregrinacions e de
Santiago**

Máis información:

